



DIA MUNDIAL DA SIDA 2015

O pasado 1 de decembro celebrouse o Día Mundial da Sida. Con tal motivo compre lembrar que en Galicia, segundo os datos do Informe VIH-sida en Galicia 2015 [ligazón], a incidencia da infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH) é estable e sempre por debaixo da media española, pero cada vez temos unha maior prevalencia de infección polo VIH debido ao aumento da calidade e expectativa de vida dos afectados.

As consideracións máis importantes a ter en conta son que a práctica de risco máis asociada coa transmisión da infección polo VIH son as **relacións sexuais non seguras** (77 %), sobre todo entre homes que teñen sexo con outros homes (HSH), e que temos un 50 % de **diagnóstico tardío** (DT: paciente con cifras de CD4 inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da súa infección polo virus) da infección polo

que é necesario resaltar a importancia da detección precoz da infección por este virus.

Isto indícanos que, a pesar dos grandes avances na abordaxe da infección polo VIH-sida, hoxe en día unha proporción moi importante de persoas afectadas non se benefician das vantaxes do diagnóstico precoz en termos de ganancia en cantidade e calidade de vida, ademais da prevención da transmisión a outras persoas.

Así pois, a **promoción do diagnóstico precoz** entre as persoas con **prácticas de risco** debe ser unha actividade prioritaria para a prevención e control da infección polo VIH na nosa comunidade, e neste sentido o persoal sanitario da atención primaria de saúde é fundamental para acadar ese diagnóstico precoz.

A VACINACIÓN FRONTE Á TOSE FERINA NO EMBARAZO EN GALICIA

Previsiblemente, o 21 de decembro de 2015 comezará a vacinación das embarazadas fronte á tose ferina a cargo do Programa Galego de Vacinacións (PGV), co obxectivo de reducir a incidencia da enfermidade nos recén nados, que son os que teñen a maior incidencia das súas formas graves.

Ora ben, como a vacina que se vai empregar, a dTpa, ten problemas de subministro [Venres], vacinar ás embarazadas implica que continúe o aprazamento da dose de reforzo dos 6 anos ata que se normalice o subministro [ligazón], unha substitución que aprobou por unanimidade a Comisión Galega de Enfermidades Inmunoprevibles, cuxa composición e funcións pódense consultar na seguinte ligazón: [DOG](#).

Fundaméntase esta decisión en que a enfermidade é moito máis grave nos nenos máis cativos que aínda non recibiron a primeira dose de vacina ou só recibiron a primeira. Despois, a medida que aumenta a idade e se acumulan as doses de vacina, a infección da lugar a unha enfermidade leve. Isto é o que ocorre nos nenos de 6 anos en diante, dos que, ademais, a grande maioría (máis do 95%) recibiron xa a primovacinação e unha dose de recordo aos 18 meses.

Administrada no embarazo, a dTpa é unha vacina segura [1] e moi efectiva para previr a tose ferina nos recén nados. En concreto, os dous estudos do Reino Unido, onde a partir de outubro de 2012 se vacinou por primeira vez ás embarazadas con carácter sistemático, realizados con deseños diferentes, un ecolóxico [2] e o outro de casos e controis [3], acharon unha efectividade do 90 e do 91% (axustada do 93%), respectivamente, nos nenos de menos de 2 meses de idade.

Tan elevada efectividade depende de que a vacinación protexe aos nenos tanto de xeito directo, por transferencia pasiva dos anticorpos maternos a través da placenta, como indirecto pola vacinación da nai, quen por non se infectar non pode transmitir a infección ao recén nado.

Cara a finais da vindeira semana ou o comezo da seguinte o PGV difundirá entre os profesionais sanitarios unha nota informativa coas circunstancias concretas da vacinación e unha descrición polo miúdo das características da vacina.

As referencias fican no Apéndice, xunto a un resumo da situación da tose ferina en Galicia nos últimos anos.

USO AMBULATORIO DE ANTIBIÓTICOS EN GALICIA DURANTE 2014

A semana do 16 ao 22 de novembro a OMS celebrou a primeira semana mundial de concienciación sobre o uso dos antibióticos, baixo o lema "Antibióticos: manéxaos con coidado", que ía dirixido a todos os seus posibles usuarios, os prescritesores (médicos e veterinarios), os dispensadores e os usuarios finais, sexa para o seu propio tratamento ou para tratar o gando.

Con este motivo, pendurouse da web da DXIXSP o informe sobre o uso ambulatorio de antibióticos en Galicia durante 2014 [ligazón], que ten en conta só as prescricións realizadas

polos médicos de atención primaria do Sergas.


O informe achou un aumento do uso a respecto dos anos previos, e amosa que, cos indicadores propostos polo ECDC para avaliar a calidade da prescrición, a de Galicia fica nas posicións de peor calidade. Ademais, os problemas fundamentais son os que xa se observaran en informes anteriores [ligazón] e a conclusión a mesma, que urxe unha prescrición ambulatoria máis coidadosa de (1) a combinación amoxicilina con ácido clavulánico; (2) fluoroquinolonas; e, (2) cefalosporinas de terceira e cuarta xeración.

A VACINACIÓN FRONTE Á TOSE FERINA NO EMBARAZO EN GALICIA

Situación da tose ferina en Galicia. Na figura, que amosa o número de casos de tose ferina en Galicia por cuatrisesmana dende a primeira semana de 2012 ata a semana 48 de 2015, que rematou o 29 de novembro, obsérvase, por unha banda, que a partir de 2012 aumentou o número de casos, tanto confirmados como probables (casos con diagnóstico clínico de tose ferina nos que non se realizou diagnóstico microbiolóxico con PCR); e, por outra, que o aumento é maior en 2015.

Como xa se comentara nun número anterior de *Venres*, “este aumento ten dúas orixes: a reforma da declaración de enfermidades de 2012, que facilitou a notificación de atención primaria e da conta do aumento do número de casos probables, e a expansión da PCR, que ao ser unha proba moito máis sensible que o cultivo da conta do aumento do número de casos confirmados”.

“Puido influír tamén a coincidencia cun dos ciclos epidémicos periódicos propios da tose ferina [que seguen a ocorrer] a pesar da vacinación”. En todo caso, non se pode cuantificar a importancia de cada un dos factores no aumento de número de casos observado en Galicia nestes anos.



Polo demais, na táboa, que amosa a incidencia anual (casos por cen mil habitantes) de tose ferina (casos confirmados e probables) en Galicia de 2012 á semana 48 de 2015, obsérvase que as maiores incidencias ocorren nos nenos de menos de 1 anos de idade, en concreto nos de menos de 4 meses.

Mais estas diferenzas débense en parte a que, pola súa levidade, non se identifican como casos de tose ferina os cadros clínicos leves propios da enfermidade cando ocorre en maiores de 1 ano, mesmo nos adultos, estean vacinados ou non. Unha definición operativa de tose ferina probable para estas situacións, que tamén se difundiu en *Venres*, é a seguinte:

Idade	2012	2013	2014	2015
0-1 meses	527'5	598'6	316'7	736'2
2-3 meses	674'1	538'8	570'0	918'3
3-4 meses	205'2	179'6	221'7	158'3
6-11 meses	9'8	59'9	52'8	92'0
Menos de 1 ano	239'4	249'4	211'1	342'6
1 a 4 anos	8'8	11'1	12'5	31'1
4 a 19 anos	3'7	1'5	3'7	8'6
20 a 49 anos	1'3	0'7	1'3	1'4
50anos e máis	0'8	0'3	0'8	0'7
Todos	3'3	2'8	3'2	5'3

todo doente de máis de 1 ano de idade que presenta un cadro con tose de dúas ou máis semanas de evolución é probable que padeza unha tose ferina se ademais ten polo menos unha das seguintes características: tose paroxística, estridor inspiratorio ou vómito postusíxeno, sen unha causa alternativa.

Para rematar, compre salientar, que dende 2010 en Galicia faleceron con tose ferina 3 nenos: un en 2010, de 1 mes de idade; outro en 2012, tamén de 1 mes de idade; e o último en 2015, de 2 meses. Contando só cos casos e falecidos de 2012 en diante, para evitar o nesgo debido á ausencia de PCR nos anos anteriores, a letalidade nos de menos de 3 meses acada o 1'4% entre os casos confirmados (o 1'3% se ademais se consideran tamén os casos probables).

Referencias do texto:

- [1] Ponencia de programas e rexistro de vacinacións do CISNS. Vacinación fronte a tos ferina en embarazadas. Junio 2015. [\[ligazón\]](#)
- [2] Amirthalingam G et al. Effectiveness of maternal pertussis vaccination in England:an observational study. *Lancet* 2014; 384: 1521–8.
- [3] Dabrera G et al. A Case-Control Study to Estimate the Effectiveness of Maternal Pertussis Vaccination in Protecting Newborn Infants in England and Wales, 2012–2013. *Clin Infect Dis* 2015; 60: 333–7.